



**Resolución da convocatoria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se aproban as bases para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para desenvolver no curso académico 2012-2013**

A convocatoria que regula as bases para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros públicos establece, no seu artigo 10, que a Comisión de Selección, unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitirá a proposta de resolución dirixida ao secretario xeral de Política Lingüística, que resolverá por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A resolución publicarase na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.xunta.es/linguagalega/> e no portal educativo <http://www.edu.xunta.es>.

Unha vez vista a proposta formulada pola Comisión de Selección, constituída ao abeiro do artigo 9 da citada convocatoria, esta Secretaría Xeral de Política Lingüística,

**RESOLVE:**

**Artigo 1**

A selección de cinco proxectos que acadaron a maior puntuación, segundo os criterios establecidos no artigo 9 da convocatoria, logo de comprobar que cumpren os requisitos establecidos nesta.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8  
15781 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 545 493  
Fax: 981 544 424  
[www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega)

galicia

Os proxectos puntuados como excelentes son:

1. IES Marco de Camballón, Vila de Cruces, IES Maximino Romero de Lema de Zas. "Palabras de Pedra-Proxecto Mámoas".
2. CEIP Quintela, Moaña. "Fala Moaña".
3. CEIP Calvo Sotelo, O Carballiño. "Olliños lectores".
4. IES Daviña Rey, Monforte. "Dobraxe e subtulado ao galego de curtas de distribución libre".
5. IES Arcebispo Xelmírez I, Santiago de Compostela. "O galego, dende o silencio".

## Artigo 2

Os seleccionados recibirán:

1. Unha dotación económica de 2000 euros.
2. Apoio e asesoramento durante o desenvolvemento do proxecto.
3. A difusión das experiencias a través da rede e a publicación dos materiais educativos producidos, na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.xunta.es/linguagalega/>.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2013

O secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García Gómez